

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 16 DE MAIO DO 2024.**

ASISTENTES:

Presidente: MARIÑO DE BRICIO VICENTE Membros que asisten: SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO VIDAL PEON XABIER BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Dezaseis de Maio do Dous mil vinte e catro, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 09/05/2024

2.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202405/130

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 09/05/2024. DECRETO: "Requirimento para a xustificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente baixas, presentadas no expediente para a adxudicación do contrato "SERVIZO DE CONSERXERÍA, PORTERÍA, CONTROL E SUPERVISIÓN DO PARKING MUNICIPAL-PRAZA DO CENTENARIO""



3.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202405/131

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 09/05/2024. DECRETO: “ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA “SUBMINISTRACIÓN DUNHA MÁQUINA AUTOPROPULSADA HIDROSTÁTICA POLIVALENTE PARA O MANTEMENTO DE VÍAS DO CONCELLO DE RIBEIRA””

4.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202405/132

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 09/05/2024. DECRETO: “Requerimiento para la justificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente bajas, presentadas en el expediente para la adjudicación del contrato para ejecutar las obras del proyecto de “ADECUACIÓN FUNCIONAL, MEJORA Y MODERNIZACIÓN DE LA RÚA MENDIÑO”. FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU”

5.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202405/180

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 13/05/2024. DECRETO: “APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVICIOS PROFESIONAIS ESPECIALIZADOS DE APOIO Ó PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL MUNICIPAL”

6.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202405/186

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 13/05/2024. DECRETO: “APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DO CONTRATO DE SERVICIOS PARA A ORGANIZACIÓN DA FEIRA ARTESANAL E MARIÑEIRA ARTEMAR 2024 CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA PARA Os ANOS 2025, 2026 E 2027”

7.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

- 4.694 26.02.2024 MERCADONA S.A., substitución de carpintería exterior; portas metálicas en fachada por outras das mesmas dimensións e color, en instalación sita na Rúa Xoana Torres esquina Carlos Casares, Ribeira.



8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

6.877 19.03.2024 JUAN PEGO SANTOS, para reparación de teitume en edificación sita na Rúa Galicia nº 56, Ribeira.

9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

9.300 16.04.2024 SERVICIOS DE CONSTRUCCIÓN Y CONTRATAS S.L., para execución de baño e local para vestidor en vivienda sita no lugar de Insuela, Palmeira, Ribeira.

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

7.496 26.03.2024 MARÍA ELENA LÓPEZ FERNÁNDEZ, para cambiar ventanas de aluminio blanco por ventanas de madera blanca, acera e murete de xardín, enfoscado e pintado blanco de fachada traseira na Rúa Bouciña nº 28, Palmeira, Ribeira.

11.- LICENZA MUNICIPAL para REFORMA E AMPLIACIÓN DE EDIFICIO EXISTENTE PARA OITO (8) VIVENDAS. UBICACIÓN: RÚA DO NORTE, Nº 25, PALMEIRA (RIBEIRA). PROMOTORES: LORENA FORMOSO SERÁNS - JOSÉ LUIS MIGUEL DE CASTRO.

VISTA a solicitude de licenZa urbanística para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE EDIFICIO EXISTENTE PARA OITO (8) VIVENDAS, NO LUGAR DE RÚA DO NORTE, Nº 25, PALMEIRA (RIBEIRA)** da que son promotores **LORENA FORMOSO SERÁNS-JOSÉ LUIS MIGUEL DE CASTRO**.

VISTA a autorización de **Augas de Galicia** de día **9 de xullo de 2021**-Exp. DH.W15.79960 asinado polo subdirector xeral de xestión de dominio público hidráulico D. Roberto Arias Sánchez e polo xefe do servizo territorial de Galicia - Centro D. Jesús Antonio Manrique Merino.

VISTO o **contrato de cesión** asinado o día **19 de novembro de 2021** por Dna. Lorena Formoso Seráns (DNI 52.938.839-S) e D. José Luis Miguel de Castro, (DNI 52.478.556-P), polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Riveira a superficie de terreo de **30,80 m²** para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.



VISTO o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal con sinatura dixital o día 12 de abril de 2024.

VISTO o informe emitido polo Técnico de Administración Xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo de data 6 de maio de 2024, ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e no que propónse conceder a licenza urbanística de referencia en harmonía co informe do arquitecto municipal de data 12 de abril de 2024.

VISTO o informe preceptivo da Secretaría Xeral do Concello emitido con data 6 de abril de 2024.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polo que:

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dna. Lorena Formoso Seráns e D. José Luis Miguel de Castro o **MODIFICADO DA LICENZA DE OBRAS nº 31/21** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE EDIFICIO EXISTENTE PARA OITO (8) VIVENDAS**, sito na Rúa do Norte nº 25, Palmeira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 3547301NH0134N0001SI, nos termos do Proxecto Básico asinado dixitalmente o día 31 de marzo de 2024 redactado por NAOS 04 ARQUITECTOS S.L.P.:

-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.

-En relación a superficie de cesión a dominio e uso público da zona afectada por aliñacións de 30,80 m²), deberá demoler o muro existente e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal unha fianza de 1.043,04 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbiles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
- Un certificado de instalación eléctrica e o xustificante da súa inscrición no rexistro



- autonómico correspondente*
- Un certificado de instalacións térmicas e o xustificante da súa inscrición no rexistro autonómico correspondente.
 - Un certificado da instalación de gas e xustificante da inscrición no rexistro autonómico correspondente das instalacións de gases combustibles.
 - Un certificado da empresa instaladora dos sistemas de protección contra incendios.
 - Certificado final de obra de Instalación das Infraestruturas Comúns de Telecomunicacións.
 - Boletín de enganche da Instalación das Infraestruturas Comúns de Telecomunicacións co Protocolo de probas da Instalación das Infraestruturas Comúns de Telecomunicacións selado pola Xefatura de Inspección de Telecomunicacións correspondente.
 - Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.
 - Comunicación da xestión dos residuos da construción e demolición

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.



- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.



-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

12.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – María Meroño Pardo

Visto o escrito presentado por **María Meroño Pardo**, de data 05/03/2024 (Rexistro de entrada nº 5.010), no que solicita información urbanística en relación ás parcelas con referencias catastrais 15074A006017550001LQ e 15074A006017550000KM.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 08/05/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202400005010 do día 28 de febreiro de 2024.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A006017550001LQ e 15074A006017550000KM, no seu plano 3.6 de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Ribeira), a escala E:1/2000 con dúas clasificacións urbanísticas diferentes, estando clasificada unha porción coma solo urbano Residencial extensiva unifamiliar illada, artigo 157 do PXOM, Ordenanza 6.3.A e outra porción de parcela coma solo urbano Residencial extensiva unifamiliar illada, artigo 157 do PXOM Ordenanza 6.3.C.

As condicións destas Ordenanzas son:

- Ordenanza 6.3.A. Residencial extensiva unifamiliar illada, artigo 157 do PXOM:

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano menos densificados dos núcleos urbanos en contacto cas direccións de estrada e rúas definidas nos Planos de Ordenación, na que se localizan vivendas unifamiliares illadas con xardíns na parte da súa parcela non edificada.



1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obra de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

1.2. Usos globais

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: Só se admitirán ademais do uso característico as terciarias que teñan unha relación de dependencia directa co uso principal, tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e do sector primario, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva, conservándose a parcela e o tipo de edificación.

1.3 Tipoloxías edificatorias

A tipoloxía edificatoria é a de vivenda unifamiliar illada.

1.4. Normativa sectorial

Cada uso que se inclúe na edificación deberá estar suxeito á normativa sectorial que lle afecte. O uso residencial queda regulado globalmente polas condicións de habitabilidade do Decreto 311/1992.

2. Parámetros da edificación

2.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 500 m².

Fronte mínima: 12 metros.

Condicións de forma: A forma da parcela permitirá a inscrición dunha circunferencia de 12 m. de diámetro.

2.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima da parcela: 30%.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros: 3 metros e ás vías a establecida nestas normas.

2.3. Condicións de volume

Edificabilidade máxima: 0,8 m²/m²

Computando a estes efectos a planta semisoto a partir dunha altura sobre rasante de 1 metro.

Altura da edificación:

Nº plantas: Baixo + unha planta + Baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 m. Admítese a planta soto.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coroación: 4,0 m. desde el último forxado.

Os porches abertos computarán a efectos de edificabilidade a metade da súa superficie sempre que



teñan unha profundidade maior que 1 metro.

As terrazas computarán sempre a metade da súa superficie.

2.4. Elementos arquitectónicos

Peches de parcelas: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 m. podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1 metro. No caso de peches realizados con pedra natural a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, computando edificabilidade e ocupación. Sempre nunha soa planta, cunha altura máxima de 3 metros, no caso de superar os 15 m², só se autorizaran se existe a edificación principal.

Corpos voados pechados: Autorízanse voos sobre as fachadas cunha dimensión máxima de 0,9 m. debendo ser vidradas nun 50% da súa superficie.

Cornisas e aleiros: A dimensión máxima do saliente de cornisas e aleiros será de 0,4 metros.

Balcóns e terrazas: Nos corpos voados non se autorizará a sobresaír sobre o voo permitido con balcón e terrazas. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 0,6 m.

Cubertas: As cubertas se resolverán prioritariamente a dúas augas utilizando en cualquier caso como material de cobertura tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos del aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

2.5. Condicións ambientais e estéticas

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboredas.

Peches exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de mais de dous materiais en fachada, adoptando solucións tipolóxicas propias do entorno. Prohíbense os muros de bloques sen revestir e pintar.

Na carpintería exterior do edificio poderanse empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

Composición de fachadas e ocos: Tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recomendase que os ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

- Ordenanza 6.3.C. Residencial extensiva unifamiliar illada, artigo 157 do PXOM:

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano menos densificados dos núcleos urbanos en contacto cas direccións de estrada e rúas definidas nos Planos de Ordenación, na que se localizan vivendas unifamiliares illadas con xardíns na parte da súa parcela non edificada.

1.1. Obras admisibles



Son admisibles todo tipo de obra de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

1.2. Usos globais

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: Só se admitirán ademais do uso característico as terciarias que teñan unha relación de dependencia directa co uso principal, tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e do sector primario, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva, conservándose a parcela e o tipo de edificación.

1.3 Tipoloxías edificatorias

A tipoloxía edificatoria é a de vivenda unifamiliar illada.

1.4. Normativa sectorial

Cada uso que se inclúe na edificación deberá estar suxeito á normativa sectorial que lle afecte. O uso residencial queda regulado globalmente polas condicións de habitabilidade do Decreto 311/1992.

2. Parámetros da edificación

2.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 1.000 m².

Fronte mínima: 12 metros.

Condicións de forma: A forma da parcela permitirá a inscrición dunha circunferencia de 12 m. de diámetro.

2.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima da parcela: 30%.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros: 3 metros e ás vías a establecida nestas normas.

2.3. Condicións de volume

Edificabilidade máxima: 0,4 m²/m²

Computando a estes efectos a planta semisoto a partir dunha altura sobre rasante de 1 metro.

Altura da edificación:

Nº plantas: Baixo + unha planta + Baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 m. Admítese a planta soto.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coroación: 4,0 m. desde el último forxado.

Os porches abertos computarán a efectos de edificabilidade a metade da súa superficie sempre que teñan unha profundidade maior que 1 metro.



As terrazas computarán sempre a metade da súa superficie.

2.4. Elementos arquitectónicos

Peche de parcelas: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 m. podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1 metro. No caso de peches realizados con pedra natural a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, computando edificabilidade e ocupación. Sempre nunha soa planta, cunha altura máxima de 3 metros, no caso de superar os 15 m², só se autorizaran se existe a edificación principal.

Corpos voados pechados: Autorízanse voos sobre as fachadas cunha dimensión máxima de 0,9 m. debendo ser vidradas nun 50% da súa superficie.

Cornisas e aleiros: A dimensión máxima do saliente de cornisas e aleiros será de 0,4 metros.

Balcóns e terrazas: Nos corpos voados non se autorizará a sobresaír sobre o voo permitido con balcón e terrazas. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 0,6 m.

Cubertas: As cubertas se resolverán prioritariamente a dúas augas utilizando en cualquier caso como material de cobertura tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos del aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

2.5. Condicións ambientais e estéticas

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboredas.

Peches exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de mais de dous materiais en fachada, adoptando solucións tipolóxicas propias do entorno. Prohíbense os muros de bloques sen revestir e pintar.

Na carpintería exterior do edificio poderanse empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

Composición de fachadas e ocos: Tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recomendase que os ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A parcela non presenta afeccións sectoriais

6. OBSERVACIÓNS

As parcelas sobre as que se refire esta información urbanística atópanse afectadas por dúas calificacións urbanísticas diferentes, estando unha porción de parcela clasificada polo PXOM de



Ribeira, no seu plano 3.6 de clasificación e cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Santa Uxía), a escala E:1/2.000, coma solo urbano residencial extensivo unifamiliar illado tipo A, e coma coma solo urbano residencial extensivo unifamiliar illado tipo C.

O artigo 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, exime de outorgamento de licenza de segregación cando a división da parcela sexa consecuencia do outorgamento polo planeamento urbanístico de distinta clasificación da parcela de orixe, nos seguintes termos:

“6. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

[...] c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.”

Tendo todo isto en consideración, aos efectos do cumprimento das condicións urbanísticas, deberá tratarse a parcela coma dúas parcelas independentes, e polo tanto, para a actuación plantexada, só se terá en conta a porción de parcela clasificada coma solo urbano.

13.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Servicio de Formación Galego e Salvamento, S.L.

Visto o escrito presentado por **Servizo de Formación Galego e Salvamento, S.L.**, de data 08/05/2024 (Rexistro de entrada nº 11.611), no que solicita certificación urbanística en relación á titularidade de camiño situado en Rúa Manzanares (Ribeira).

Visto o informe xurídico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 13/05/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

REF. CATASTRALES: 0912513NH0111S0001GE y 0912514NH0111S0001QE
SITUACIÓN: Rúa Manzanares. (Ribeira)

ANTECEDENTES:

Na documentación complementaria presentada, dícese: *“Que en la calle Manzanares de este municipio de Ribeira, no existe ni ha existido vía pública entre los edificios sitos en los números 36 y 38 de dicha calle, con referencias catastrales 0912513NH0111S0001GE y 0912514NH0111S0001QE , respectivamente”*, e SOLICÍTASE: informe sobre a titularidade do espacio comprendido entre os muros de peche de las parcelas referidas.

INFORME:

Consultados: PXOM, documentación catastral, Inventario de vías do Concello de Ribeira, realizada visita de inspección o lugar arriba indicado, e realizadas as comprobacións oportunas, pódese informar que o terreno existente entre os muros de peche das parcelas referenciadas non é público.

14.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Juan Carlos Cánive Gómez



Visto o escrito presentado por **Juan Carlos Cánive Gómez**, de data 30/04/2024 (Rexistro de entrada nº 10.738), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación con refª catastral nº 1110924NH0111S3003TX e sita na Rúa Manzanares, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 13/05/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación con refª catastral nº 1110924NH0111S3003TX e sita na Rúa Manzanares, Ribeira.

15.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – José Ricardo García Iglesias

Visto o escrito presentado por **Ricardo García Iglesias**, de data 02/05/2024 (Rexistro de entrada nº 10.929), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 0827423NH0102N0001RI e sita na Rúa Cabasas, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 13/05/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á parcela con refª catastral nº 0827423NH0102N0001RI e sita na Rúa Cabasas, Ribeira.

16.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

14.901 27.08.2021 SOCIEDAD GESTIÓN ACTIVOS REESTRUCTURACIÓN BANCARIA, presenta comunicación previa de primeira ocupación de edificio de 30 vivendas sita na Rúa Alcalde Bermúdez, Ribeira.

17.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS. PROMOTORA: MARÍA JOSÉ POUSO ROMAY. LUGAR: LISTRES, AGUIÑO, Ribeira

VISTOS os escritos presentados por **Dña. Mª José Pouso Romay**, (DNI 52.936.115-M), rexistrados de entrada os días **18 de xaneiro e 4 de marzo de 2024**, (rexistros de entrada nº 1.443 e 4.886), mediante os que solicita licenza de segregación de finca con refª catastral nº 9193903MH9099S0001BI e sita no lugar de Listres, Aguiño, Ribeira, achegando



Proxecto de segregación de parcelas redactado pola arquitecta Dña. Myriam Piñeiro Losada, con sinatura dixital de 22 decembro de 2023 e presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira o día 4 de marzo de 2023 co rexistro de entrada núm. 4.886 así como Proforma de Escritura de Segregación de Parcela, presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira o día 18 de xaneiro de 2023 co rexistro de entrada núm. 1.443.

VISTO o informe técnico favorable emitido polo **arquitecto técnico municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **4 de marzo de 2024**.

VISTA a acta e plano de cesión asinado pola enxeñeira municipal o día **18 de abril de 2024** en relación á superficie de **37,00 m²** de cesión a dominio e uso público en total dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento.

VISTO o contrato de cesión asinado por **Dña. M^a José Pouso Romay**, (DNI 52.936.115-M) o día **25 de abril de 2024** polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de **37,00 m²** en total para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

VISTO o informe emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo de data **3 de maio de 2024**

VISTO o informe xurídico emitido polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **14 de maio de 2024**

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO, CONSOLIDADO con ORDENANZA 6.2 RESIDENCIAL EXTENSIVA, COLECTIVA EN FILEIRA e SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.3.A RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

-PRIMEIRO:- CONCEDER a Dña.M^a José Pouso Romay a LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA (Nº 7/24) con refª catastral nº 9193903MH9099S0001BI e sita no lugar de Listres, Aguiño, Ribeira, nos termos do Proxecto de segregación de parcelas redactado pola arquitecta Dña. Myriam Piñeiro Losada, con sinatura dixital de 22 decembro de 2023 e presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira o día 4 de marzo de 2023 co rexistro de entrada núm. 4.886 así como Proforma de Escritura de Segregación de Parcela, presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira o día 18 de xaneiro de 2023 co rexistro de entrada núm. 1.443:

-SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Segundo **contrato de cesión** asinado por Dña.M^a José Pouso Romay, o día **25 de abril de 2024** polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de **37,00 m²** en total para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral



de Ordenación Urbana.

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

18.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a ROSA M^a MANEIRO OLVEIRA, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE D. JUAN MANUEL SAMPEDRO ÁLVAREZ, POLOS DANOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 8031DNR OCASIONADOS POLAS LABORES DE ROZA DOS OPERARIOS MUNICIPAIS. EXPEDIENTE 2023 RESP000024.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a ROSA M^a MANEIRO OLVEIRA**, en nome e representación de **D. JUAN MANUEL SAMPEDRO ÁLVAREZ**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 23 de maio de 2023, operarios municipais atopábanse no parque de Parte al Río, na parroquia de Carreira, do termo municipal de Ribeira, facendo labores de roza, cando, de súpeto, unhas pedras saíron despedidas das máquinas que estaban a utilizar na súa labor, batendo contra o vehículo marca Mercedes, modelo Vaneo, con placas de matrícula 8031 DNR, propiedade de D. Juan Manuel Sampedro Álvarez, con DNI número 52933340J.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 01/09/2023, co número 202319921, D^a Rosa M^a Maneiro Olveira, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira demandando o abono da reparación dos danos ocasionados, consistentes na rotura do cristal da ventá lateral dereita traseira, que



cuantifica na contía total de 131,72 euros, segundo factura emitida na data 03/07/2023 por “Carglass”, e que se achega mediante escrito rexistrado de entrada na data 11/03/2024 co número 6.141, xunto coa documentación que acredita a titularidade do vehículo a nome de D. Juan Manuel Sampedro Álvarez, previo requirimento de emenda da súa solicitude.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 03/04/2024 pola Policía Local do Concello de Ribeira.
- Informe emitido na data 27/03/2024 polo capataz de xardíns do Concello de Ribeira.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por ningunha das partes interesadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da



ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **o/a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Así mesmo, **ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación** ao ser o titular do vehículo que resultou danado, segundo consta na documentación do expediente.

Por outra banda **a lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Ribeira**, que ten competencia propia en materia de parques e xardíns públicos, de conformidade co artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo matrícula 8031DNR. Así se deduce da factura de reparación dos danos que achega o reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto o reclamante conecta os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de xardinería.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local emite o seguinte informe na data 03/04/2024:**
“Contestación a reclamación por danos en un vehículo:
➤ *Si se tuvo conocimiento de los hechos mediante llamada telefónica y Si está confeccionado un informe detallando todo lo sucedido que se aporta con este escrito en el que el agente se ratifica en lo expuesto.*



- *Las causas del siniestro se producen como se explica en el informe cuando una persona (trabajador) del ayuntamiento en la sección de jardinería se encontraba trabajando en la zona de jardines de Parte al Río (Carreira) y hace saltar una piedra a una ventanilla lateral derecha trasera de un vehículo que se encontraba estacionado en la zona tal y como se aprecia en las fotografías del informe policial.*
- *No se aprecia ninguna circunstancia más que pueda ser significativa.”*

- **O capataz do servizo municipal de xardinería en informe emitido na data 27/03/2024 deixa constancia de que se tivo coñecementos dos feitos polos que se reclama, manifestando a veracidade dos mesmos.**

Da análise das probas practicadas, **conclúese que resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos sufridos no vehículo matrícula 8031DNR e o funcionamento do servizo municipal de xardinería. Como consecuencia debe estimarse a reclamación presentada polo reclamante.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 08/05/2024, e visto o informe do Interventor Municipal, Pablo Bao castro, de data 08/05/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. JUAN MANUEL SAMPEDRO ÁLVAREZ, polos motivos e fundamentos antes expostos, na contía de 131,72 euros, que se abonará integramente polo Concello de Ribeira ó non superar a contía de 150 euros, que é a franquicia establecida nas condicións da póliza de seguro subscrita polo Concello coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas.

19.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 16/2024 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto nº 16/2024, de data 24/04/2024, do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela (Rexistrado de entrada en data 09/05/2024 co nº 11.679), no que comunica o desistimento do recurrente Francisco Montemuiño Nieto e arquivo do recurso (PA 469/2023) por resolución de data 02/04/2024.

20.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Manuela Pérez Pouso (PEDRA PATEIRA)

VISTO o escrito presentado por **Manuela Pérez Pouso**, en representación do establecemento “Pedra Pateira”, de data 09/05/2024 (Rexistro de entrada nº 11.757), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Pedra Pateira” (Ribeira), o día 15/06/2024, en horario de 21:00h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **DENEGAR a solicitude presentada por Manuela Pérez Pouso**, en representación do establecemento “Pedra Pateira”, para evento musical no establecemento hostaleiro



“Pedra Pateira” (Ribeira), o día 15/06/2024, por carecer de título habilitante para a realización do mesmo.

21.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Asociación Empresarial da Restauración, Aloxamento e Turismo de Compostela e Comarcas (COCOLUCHE)

VISTO o escrito presentado por **Lois Alberte López García**, en representación da **Asociación Empresarial da Restauración, Aloxamento e Turismo de Compostela e Comarcas**, á súa vez en representación do establecemento “Cocoluche”, de data 10/05/2024 (Rexistro de entrada nº 11.895), no que solicita permiso para evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “Cocoluche” (Terraza do establecemento situado na Praza de Teruel, nº 5 - Ribeira), o día 18/05/2024, en horario de 13:30h. a 15:30 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Manuela Pérez Pouso, para evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “Cocoluche” (Terraza do establecemento situado na Praza de Teruel, nº 5 - Ribeira), o día 18/05/2024, en horario de 13:30h. a 15:30 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Cocoluche” (Ribeira), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con*



percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”

- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

22.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN INSTALACIÓN STAND – Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade

Visto o escrito presentado por María Esther Vidal Rodríguez en representación da **Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade**, de data 13/05/2024 (Rexistro de entrada nº 12.143), no que solicita autorización para a instalación dun stand (1 m x 1 m), na Rúa de Galicia (Ribeira), o día 20/05/2024, de 11:00 h a 13:00 h., para realizar a actividade “Galeguímetro” en conmemoración do Día das Letras Galegas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- **Autorizar** a instalación dun stand (1 m x 1 m), na Rúa de Galicia (Ribeira), o día 20/05/2024, de 11:00 h a 13:00 h., para realizar a actividade “Galeguímetro” en conmemoración do Día das Letras Galegas.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

23.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN ASINADA DE INSTALACIÓN LMTS – Frigorífico y Almacenaje Arousa Norte, S.L.

Visto o escrito presentado por María Eugenia Cascallar Mariño en representación de **Frigorífico y Almacenaje Arousa Norte, S.L.**, de data 14/05/2024 (Rexistro de entrada nº 12.205), no que solicita autorización asinada do representante do Concello de Ribeira de instalación LMTS no Polígono Industrial de Couso para Frigorífico y Almacenaje Arousa Norte, S.L., aos efectos de tramitación perante Industria xa que a empresa é a reponsable do mantemento da dita liña ao seu paso por estrada de titularidade municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** a sinatura da correspondente autorización de instalación LMTS no Polígono Industrial de Couso para Frigorífico y Almacenaje Arousa Norte, S.L.

24.- ACHEGAS PARA PROMOCIÓN DE PROXECTOS DESENVOLVIDOS NA ÁREA DE ACCIÓN SOCIAL. EJERCICIO 2023.

Vista a **proposta** de resolución definitiva presentada pola **Comisión Avaliadora de subvencións para a promoción de proxectos desenvolvidos na área de acción social 2023**, de data 13/05/2024, de aprobación das correspondentes xustificacións e cumprimento de requisitos esixidos para a concesión das subvencións destinadas á promoción de proxectos desenvolvidos na área de acción social 2023.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 214/05/2024.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar o pago de achegas destinadas á promoción de proxectos desenvolvidos na área de acción social 2023 por entidades sen ánimo de lucro, según o contido da documentación que consta no expediente, resultando a relación de beneficiarios de subvención tal como segue no seguinte cadro resumo:

A) ASOCIACIONES DE MAIORES

ENTIDADE	Importe SUBVENCIÓN
CENTRO SOCIAL RECREATIVO SANTA UXÍA	736,75 €
CLUB DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DO MAR DE RIBEIRA	878,68 €
CLUB DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DE AGUIÑO	1.203,70 €
ASOCIACIÓN A.G.A.D.E.A.	1.203,70 €



25.- REGULACIÓN SINALIZACIÓN VIAL EN CRUCE DE BRAÑA DA AREA (AGUIÑO) – María Teresa Armental Pérez

Visto o escrito presentado por **María Teresa Armental Pérez**, de data 07/05/2024 (Registro de entrada nº 11.462), no que solicita a regulación mediante sinais no cruce de Braña da Area (Aguiño), para mellorar a seguridade viaria.

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 14/05/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda a regular o cruce de Braña da Area (Aguiño) coas sinais de stop (R-2) e de ceda o paso (R-1), co fin de mellorar a seguridade vial, segundo o sinalado no citado informe policial.

26.- ADXUDICACIÓN POSTO DE PANADERÍA NO MERCADO MUNICIPAL. SOLICITUDE DE DNA. MÓNICA LUNA DOMÍNGUEZ

VISTO escrito de data 18 de abril de 2024, rex de entrada nº 9617, presentada por Dña Mónica Luna Dominguez, no que solicitase o prego das condición económico-administrativas da licitación do posto adicado a panadería do mercado municipal de Ribeira.

VISTO o informe emitido polo secretario xeral da Corporación de data 14 de maio de 2024 no termos que obran no expediente.

A **Xunta de Goberno Local**, no exercizo das competencias delegadas pola Alcaldía en data 14 de xullo de 2023, **acorda** por unanimidade:

Primeiro: -Dar traslado do informe íntegro do secretario xeral da Corporación ós efectos oportunos.

Segundo: -Facultar tanto ó Sr. alcalde-presidente como ó Sr. primeiro tenente de alcalde e delegado de mercados tan amplamente como en dereito sexa posible para a resolución do presente expediente.

INFORME SECRETARÍA:

ASUNTO: ADXUDICACIÓN POSTO DE PANADERÍA NO MERCADO MUNICIPAL. SOLICITUDE DE DNA. MÓNICA LUNA DOMÍNGUEZ

En relación co asunto de referencia, o funcionario que subscribe en cumprimento do disposto no artigo 3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional, procede a emitir o seguinte:

INFORME:

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro:-A Xunta de Goberno Local na Sesión Ordinaria celebrada o día 9 de novembro de 2023 aprobou ofertar mediante licitación pública a concesión dun posto vacante no Mercado Municipal que deberá ser adicado a Panadería.



-Segundo:-As condicións da concesión rexeronse polo Regulamento do Servizo Municipal de Mercados de Abastos comerciantes polo miúdo do Concello de Ribeira publicado no BOP nº 14 de 20 de xaneiro de 2017.

-Terceiro:-O anuncio de licitación foi publicado no diario La Voz de Galicia outorgando ós/as interesados/as un prazo de trinta días para a presentación das súas solicitudes.

-Cuarto:- Ó proceso de licitación presentáronse ós seguintes candidatos:

-D. Manuel Ramón García Pérez, DNI nº *542*****

-Dna. Mónica Luna Domínguez, DNI nº *589*****

Quinto:-En data **11 de abril de 2024** a Xunta de Goberno local procedeu á adxudicación do posto de panadería do mercado municipal, según o seguinte acordo:

ADXUDICACIÓN POSTO DO MERCADO MUNICIPAL DE RIBEIRA

VISTO o escrito presentado con data 20 de novembro de 2023, **rex de entrada nº 26831**, por **D. Manuel Ramón García Pérez, DNI nº ***542***** e domicilio a efectos de notificacións en rúa Celso Emilio Ferreiro 28, 3, Portal 1 B, 15965, Ribeira no que **solicita adxudicación do posto de venda adicado a panadería según licitación do expediente nº 2023/MDO/000008 do Mercado Municipal**.

VISTO o escrito presentado con data 20 de novembro de 2023, **rex de entrada nº 26866**, por **Dna. Mónica Luna Domínguez, DNI nº ***589***** e domicilio a efectos de notificacións en Paseo das Carolinas, nº 14, 15960, Ribeira no que **solicita adxudicación do posto de venda adicado a panadería según licitación do expediente nº 2023/MDO/000009 do Mercado Municipal**.

CONSIDERANDO que o **artigo 26 1. do Regulamento do Servizo Municipal de Mercados de Abastos Minoristas do Concello de Ribeira** (BOP nº 14, de 20 de xaneiro de 2017) establece que as concesións dos postos que vaian quedando vacantes, adxudicánsese mediante licitación pública, a cal se levará a cabo de conformidade co disposto na lexislación en vigor e consonte aos Pregos de condicións que para cada licitación acorde o Concello.

Por razóns imperioso de interese xeral, debido ás limitacións do número de postos existentes nos mercados, en ningún caso unha mesma persoa poderá ser titular de máis de dous postos, sexan ou non lindeiros. O titular de dous postos, se resultara adxudicatario dunha nova licitación, previamente á nova concesión, deberá renunciar a un dos postos, debendo indicar o devandito compromiso na solicitude.

VISTAS as memorias presentadas polos candidatos e considerando ámbas idóneas.

CONSIDERANDO o principio xeral do dereito prior in tempore, potior in iure [Primeiro no tempo, preferido no dereito] debe relacionarse neste caso **coa primeira solicitude presentada**,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, no exercizo das competencias delegadas pola Alcaldía con data 14 de xullo de 2023, **ACORDA** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:-Adxudicar a **D. Manuel Ramón García Pérez, DNI nº ***542***** e domicilio a efectos de notificacións en rúa Celso Emilio Ferreiro 28, 3, Portal 1 B, 15965, Ribeira no que o **posto de venda adicado a panadería según licitación do expediente nº 2023/MDO/000008 do Mercado Municipal**, toda vez que foi a primeira solicitude recibida no rexistro municipal.

A explotación do posto farase directamente polo titular da concesión. Entenderase que existe tal explotación directa sempre que o concesionario leve persoalmente o posto, asumindo a dirección efectiva do negocio que neste se desenvolva, sen prexuízo de que poida ter contratados un ou máis traballadores pola súa conta, debidamente dados de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

Segundo:-Requerir a **D. Manuel Ramón García Pérez** para que no prazo de trinta días naturais contados a partir da notificación do acordo polo que se adxudica a concesión deposite nas arcas municipais a



taxa prevista ao efecto na **Ordenanza B.2.9, FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE MERCADOS MUNICIPAIS**, Artigo 5 (BOP nº 71 de 17.04.2017).

En caso de falta de pagamento no prazo previsto, a autorización quedará sen efecto e non poderá ser beneficiario dunha nova adxudicación.

Terceiro:- Serán dereitos do concesionario:

- a) Usar privativamente o espazo físico constitutivo do posto, nos termos e condicións que se establezan na concesión.
- b) Usar os locais, instalacións, servizos e elementos do mercado destinados ao uso xeral, nas condicións regulamentarias.
- c) Entrar no mercado con anterioridade á apertura ao público para preparar a mercadería, dando toda clase de facilidades para que a inspección sanitaria leve a efecto nas mellores condicións.
- d) Instalar nos postos respectivos os elementos necesarios para o exercicio da actividade mercantil correspondente, previa autorización da dirección do mercado.
- e) Solicitar, por motivo de imposibilidade de explotar directamente o posto, que lle substitúa a persoa que propoñan, sempre que se estea no caso contemplado no artigo 30.
- f) En xeral, todos os dereitos que se deriven da normativa reguladora.

Cuarto:- Serán obrigas do concesionario:

1. Entregar ao comprador os produtos polo prezo anunciado e o peso íntegro, sen incluír neste o papel de envolver, que en todos os casos será gratuíto para o comprador.
2. Estar en posesión do carné de manipulador, tanto o titular como as demais persoas que traballen no posto. O devandito documento deberá ser mostrado, tantas veces se requira, aos funcionarios habilitados para iso.
3. Comunicar, mediante escrito, á Delegación de Medio Ambiente e Consumo, as altas e baixas das persoas que traballen no posto, debendo facelo no prazo de quince días a partir do seguinte ao que se produza as citadas situacións.
4. Expoñer os prezos de venda ao público de todos os xéneros que comercien, en lugar visible e de forma clara, de maneira que poidan ser apreciados polos consumidores con total claridade.
5. Manter o posto aberto ao público ininterrompidamente durante o horario de venda ao público, salvo causa xustificada. Así mesmo, pechará diariamente o posto ao finalizar o citado horario, adoptando cantas precaucións sexan necesarias para evitar posibles sinistros.
6. Conservar os postos, así como as demais instalacións, en bo estado, coidando de que estean limpos, libres de residuos e en perfectas condicións hixiénico-sanitarias, depositando os lixos e desperdicios nos lugares sinalados para tal fin, polo que deberán ter implantados o Sistemas de Autocontrol.
7. Utilizar os instrumentos de pesar e medir axustados aos modelos autorizados, podendo o Concello, mediante o persoal ao seu cargo, verificar a súa exactitude.
8. Vestir correcta e aseadamente a indumentaria apropiada. Para tales efectos, o Concello, oídas as asociacións de comerciantes, poderá declarar de obrigado uso certas pezas de uniforme, independentemente das esixidas na Regulamentación Técnico-Sanitaria que corresponda, durante o horario de venda.
9. Non sacrificar nos postos do Mercado os animais destinados á súa venda, nin efectuar naqueles as operacións de desplumar, esfolar ou similares.
10. Non se negar á venda dos xéneros que teñan expostos para a súa comercialización.
11. Aboar o importe dos danos e perdas que o titular, familiares ou dependentes del, causaren aos bens obxecto da autorización, ás instalacións ou no edificio do Mercado.
12. Xustificar, cando foren requiridos, o pago dos impostos e exaccións municipais por razón do exercicio do comercio nos postos ocupados.
13. Non colocar vultos nin caixas de produtos nos corredores fóra do horario habilitado para iso.
14. Estar en posesión do libro de follas de queixas / reclamacións, así como do cartel anunciador de estar en posesión del, establecido mediante o Decreto 375/1998, do 23 de decembro, polo que se regulan as Follas de reclamacións das persoas consumidoras e usuarias.
15. Atender ao seu cargo os gastos de auga e electricidade producidos polos seus usos particulares nos postos que ocupen. Os devanditos gastos haberán de atenderse mediante contadores que os titulares afectados instalarán pola súa conta e cargo.
16. Satisfacer a taxa correspondente ao posto adxudicado establecida na Ordenanza Fiscal correspondente.
17. Realizar pola súa conta e cargo as obras limitadas ou particulares que o Concello estime necesarias para que os postos estean en todo momento en perfecto estado de conservación. Tales obras esixiranse ou se autorizarán, previo os preceptivos informes da Xerencia Municipal de Urbanismo.
18. Manter sen alterar a actividade dos postos, salvo autorización do Concello.



19. Todas as obrigas establecidas para os prestadores de servizos no Título V da Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, así como na normativa que lle sexa de aplicación

Quinto:-Notificar este acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Sexto:-Comunicar este acordo ós Servizos Municipais de Tesourería e Recadación para a súa constancia e efectos oportunos.

Sexto:-Con data 18 de abril de 2024, rex de entrada nº 9617, por Dna Mónica Luna Dominguez, solicítase prego das condición económico-administrativas da licitación do posto adicado a panadería do mercado municipal de Ribeira.

II

LEXISLACION APLICABLE

-Regulamento do Servizo Municipal de Mercados de Abastos comerciantes polo miúdo do Concello de Ribeira publicado no BOP nº 14 de 20 de xaneiro de 2017.

III

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

No presente procedemento aplicouse o principio xeral do Dereito de “*prior in tempore, potior in iure*” [Primeiro no tempo, preferido no dereito] toda vez que ambas solicitudes reunían os requisitos previstos no anuncio de licitación.

Efectivamente o devandito principio, como fonte do Dereito, establece que no caso de existir controversia entre partes que alegan iguais dereitos enténdese que ten preferencia no dereito a parte que primeiro realizase un acto con eficacia Xurídica.

Por outra banda considerouse máis xusto dar prioridade ó candidato que non obstantaba ningunha concesión no mercado coa fin de dar cumprimento ó espírito do artigo 26 do Regulamento do Servizo Municipal de Mercados de Abastos comerciantes polo miúdo do Concello de Ribeira publicado no BOP nº 14 de 20 de xaneiro de 2017, según o cal.

1. As concesións dos postos que vaian quedando vacantes, adxudicásenne mediante licitación pública, a cal se levará a cabo de conformidade co disposto na lexislación en vigor e consonte aos Pregos de condicións que para cada licitación acorde o Concello.
2. Por razóns imperioso de interese xeral, debido ás limitacións do número de postos existentes nos mercados, en ningún caso unha mesma persoa poderá ser titular de máis de dous postos, sexan ou non lindeiros. O titular de dous postos, se resultar adxudicatario dunha nova licitación, previamente á nova concesión deberá renunciar a un dos postos, debendo indicar o devandito compromiso na solicitude.

Por canto antecede a coa fin de das resposta á solicitude de Dna. Mónica Luna Dominguez, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

VISTO escrito de data 18 de abril de 2024, rex de entrada nº 9617, presentada por Dna Mónica Luna Dominguez, no que solicítase o prego das condición económico-administrativas da licitación do posto adicado a panadería do mercado municipal de Ribeira.

VISTO o informe emitido polo secretario xeral da Corporación de data 14 de maio de 2024 no termos que obran no expediente.



A Xunta de Goberno Local, no exercizo das competencias delegadas pola Alcaldía en data 14 de xullo de 2023, acorda por unanimidade:

Primeiro:-Dar traslado do informe íntegro do secretario xeral da Corporación ós efectos oportunos.

Segundo:-Facultar tanto ó Sr. alcalde-presidente como ó Sr. primeiro tenente de alcalde e delegado de mercados tan amplamente como en dereito sexa posible para a resolución do presente expediente.

Dado en Ribeira, na data da súa sinatura dixital

O secretario xeral
Asdo. Juan Manuel Salguero del Valle

27.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Tania Redondo Fernández

VISTO o escrito presentado por **Tania Redondo Fernández**, en representación do establecemento “Bar Baldomero”, de data 02/05/2024 (Rexistro de entrada nº 10.904), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Baldomero” (Palmeira), o día 18/05/2024, en horario de 19:00h. a 23:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Tania Redondo Fernández, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Baldomero” (Palmeira), o día 18/05/2024, en horario de 19:00h. a 23:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Baldomero” (Palmeira) (Tania Redondo Fernández), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respetar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria,



industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”

- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

28.- CELEBRACIÓN FESTAS DA GUÍA (CARREIRA) - Asociación Cultural A Guía



Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Turismo, Festexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 16/05/2024, no que sinala:

“Expoño:

- Recíbese petición de Astrid Dios Folgar, en nome da **Asociación Cultural A Guía- Carreira**, data de 13/5/2024 (núm. Rexistro entrada 2024 12137), interesando celebrar as **Festas da Guía na Parroquia de Carreira, os días 18, 19 e 20 de maio de 2024.**
- **Solicita permiso** para realizar este evento.
- **Solicita vallas, sinais de prohibido aparcar, ademáis de reforzo de contenedores e limpeza viaria para todos os días de festa.**

En cumprimento da normative vixente, Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia así como das normas aplicables en material de orden público e Seguridade cidadá, **con anterioridade á data de celebración do evento deberá dispor de:**

- ✓ Póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio e o recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso.
- ✓ Proxecto e a documentación técnica asinado por persoa técnica competente, na que deberá constar os seus aspectos básicos actuación musical, baile, concerto, aforo, horarios das actividades entre outros, ademáis da instalación de carpas ou calquera outros elementos destinados á actividade, así como os escenarios ou estruturas que se pretendan instalar.
- ✓ Boletíns eléctricos da instalación segundo a instrución 2/2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre instalación eléctricas temporais de baixa tensión e compromiso de validación. En caso de xerador eléctrico, certificado de industria de ter pasado a inspección.
- ✓ Documento acreditativo asinado pola persoa que asume a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou da actividade recreativa aos requisitos esixibles.

Precisará autorización do órgano competente para o lanzamento de foguetes, globos ou artefactos de calquera clase que conteña fogo (requisitos e documentos esixidos para espectáculos públicos de fogos de artificio que superen os 50 kg de mestura explosiva). O solicitante será responsable dos incendios que puidese orixinar. Haberá de ter en conta en todo momento a Circular e normativa vixente sobre Incendios Forestais.

Será da súa responsabilidade o pago á Sociedade Xeral de Autores de España que puidera corresponder da celebración de actuacións musicais.

É do noso interese apoiar a iniciativa do tecido social que

- ✓ Co seu esforzo e dedicación contribúan a conservar e manter costumes que forman parten da identidade da parroquia.
- ✓ Pola súa singularidade e tradición ademáis de reclamos en distintos momentos do ano, crean espazos de socialización.
- ✓ Aberto á cidadanía nun espazo público.”

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

1. **Autorizar a celebración da Festa da Guía en Carreira os días 18, 19 e 20 de maio de 2024.**
2. **Prestar a colaboración municipal no relativo á presenza da Policía Local, servizo de limpeza, reforzo de contedores de lixo.**
3. **Deberán adoptar todas as medidas de seguridade.**
4. **Asímesmo, e con anterioridade á celebración dos citados eventos, deberán dispor de:**



- ✓ Estar en posesión da obrigada póliza de responsabilidade civil e o recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso.
- ✓ Proxecto e a documentación técnica asinado por persoa técnica competente, na que deberá constar os seus aspectos básicos actuación musical, baile, concerto, aforo, horarios das actividades entre outros, ademáis da instalación de carpas ou calquera outros elementos destinados á actividade, así como os escenarios ou estruturas que se pretendan instalar.
- ✓ Boletíns eléctricos da instalación segundo a instrución 2/2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre instalación eléctricas temporais de baixa tensión e compromiso de validación. En caso de xerador eléctrico, certificado de industria de ter pasado a inspección.
- ✓ Documento acreditativo asinado pola persoa que asume a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou da actividade recreativa aos requisitos esixibles.

5. **Precisaran autorización do órgano competente para o lanzamento de foguetes, globos ou artefactos de calquera clase que conteña fogo** (requisitos e documentos esixidos para espectáculos públicos de fogos de artificio que superen os 50 kg de mestura explosiva). O solicitante será responsable dos incendios que puidese orixinar. Haberá de ter en conta en todo momento a Circular e normativa vixente sobre Incendios Forestais.
6. **Será da súa responsabilidade o pago á Sociedade Xeral de Autores de España** que puidera corresponder da celebración de actuacións musicais.
7. **Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.**

29.- COLABORACIÓN MUNICIPAL NA PROCESIÓN DA VIRXE DA GUÍA (CARREIRA) - Víctor Reiriz Lampón

Visto o escrito presentado por Víctor Reiriz Lampón, de data 13/05/2024 (Registro de entrada nº 12.124), no que solicita a colaboración municipal (Protección Civil ou Policía Local) co motivo da celebración da procesión da Virxe da Guía (Carreira) ás 19:30 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Prestar a colaboración municipal necesaria para manter a seguridade durante o percorrido da procesión da Virxe da Guía (Carreira).
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

30.- SOLICITUDE OCUPACIÓN ESPAZO PÚBLICO - R. e I. Cofradía da Dorna



Visto o escrito presentado por Juan José Segade Iglesias en representación da **R. e I. Cofradía da Dorna**, de data 15/05/2024 (Rexistro de entrada nº 12.365), no que solicita a ocupación da Praza de España do 18 ao 25/07/2024 (Festas da Dorna), co motivo da realización de actividades infantís e concertos (Posteriormente detallados no Plan de Seguridade).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a ocupación da Praza de España do 18 ao 25/07/2024 (Festas da Dorna), co motivo da realización de actividades infantís e concertos (Que posteriormente deberán ser detallados no Plan de Seguridade).
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.



FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 20/05/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/05/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/05/2024 12:44:15

